




UN PASEO POLA TOXA

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2014



Distancia: variable (2 a 5 km)
Dificultade: baixa
Duración: 2 horas



A illa da Toxa está situada nunha contorna privilexiada ao abrigo, e ao pé da vila do Grove, dentro dunha área natural de gran importancia ecolóxica protexida como LIC/ZEC, ZEPA e Humidal Ramsar.

Na Toxa, ademais do percorrido turístico habitual, no que podemos descubrir a fermosura da paisaxe, cos espellos da luz e o mar na enseada, facer a imprescindible visita á capela das cunchas e ver os edificios do que foi un dos principais centros balnearios de Galiza; podemos gozar doutras novidades. Unha interesante camiñada polo piñeiral que ocupa o centro da illa, no que unha ruta de dous quilómetros, ben sinalizada, nos achega unha visión diferente, lévanos polos lugares menos visitados e infórmanos, por medio dos textos gravados nos bancos que se atopan ao longo do percorrido, de curiosidades da illa e a súa historia, outros paneis situados en diferentes puntos darnos datos sobre o que imos atopando: restos das instalacións do primeiro campo de golf de Galiza, a fonte, unha árbore centenaria... que nos serven para saber máis e gozar máis plenamente do lugar e da visita.

Outra alternativa é unha camiñada pola beira do mar, onde é posible, na que podemos ver o traballo das mariscadoras no areal que queda ao descuberto entre o Grove e A Toxa coa marea baixa, e, nas épocas de paso, observar numerosas especies de aves acuáticas, maiormente limícolas como as gabitas, os mazaricos, as pílharas, os pilros, as agullas, os biluricos... Sen esquecer o aspecto que máis sona lle deu desde sempre á Illa da Toxa, as súas augas termais, de excelentes propiedades para problemas da pel, respiratorios ou reumáticos, pero tamén moi ben aproveitadas para relaxarse e pasar unhas horas agradables.



Ponte que une A Toxa e O Grove



Praia da Ponte Sur



Mariscadoras no areal do Vao



Vista aérea da Toxa e da vila do Grove

PERCORRIDO

Cruzando a ponte podemos darlle a volta á **Illa da Toxa** indo sempre preto do litoral, a non ser nos espazos privados dos hoteis, e por fóra da liña da costa arredor do campo de golf.

A illa da Toxa convertiuse nun importante centro balneario despois de descubrirse os mananciais de augas termais. O Primeiro Hotel e a ponte rematáronse en 1910. Ata esas datas a xente facía uso das augas termais en pozas e bañeiras sen as mínimas comodidades.




Punta do Vendaval.



Praia/enseada da Fonte



Punta e praia de San Marcial



Punta de Cabreirón




Punta e praia Cruz das Ánimas.



Punta e praia da Mourisca



Praia de Covadelo ou da Ponte Norte.



Piñeiral no outono



Eucalipto na costa oeste da Toxa



Gabitas e mazaricos nas praias da Toxa